

**DECRETO NÚMERO 14007098 DO 21/07/2014**

Ilmo. Sr. Don Luis Manuel Álvarez Martínez, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente en substitución da Ilma. Sra Sonia Méndez García, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

Instruído o expediente relativo a: Instruído expediente relativo a: **SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA, RECOLLIDA DE RESIDUOS E TRANSPORTE PARA O SEU TRATAMENTO. SERVIZOS MÍNIMOS POR CONVOCATORIA DE FOLGA. XULLO 2014**

-----

Examinado o expediente e vistos:

I. Contrato administrativo correspondente á concesión do servizo de recollida de residuos, limpeza viaria e explotación do vertedoiro municipal asinado entre o Concello de Lugo e a empresa URBASER S.A con data 20 de xuño de 1996.

II. Convenio entre o Concello de Lugo e a empresa URBASER S.A, conesionaria dos servizos de recollida de residuos, limpeza viaria e explotación do vertedoiro municipal, asinado con data 3 de febreiro de 1999.

III. Contrato administrativo correspondente á modificación e cambio de denominación do contrato suscrito con URBASER S.A para a concesión do servizo de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento, de data 11 de outubro de 2002.

IV. Anexo número 2 correspondente ao contrato relativo ao servizo de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento, asinado con URBASER S.A con data 28 de febreiro de 2007.

V. Decreto número 14005468 DO 05/06/2014 ditado pola Tenente de Alcalde delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, polo que se establecen os servizos mínimos por convocatoria de folga por parte dos traballadores da empresa URBASER S.A, concesionaria do servizo de limpeza viarioa, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento.

VI. Recomendación emitida polo Valedor do Pobo de data 11 de xullo de 2014 recibido no Concello con data 16 de xullo de 2014 na que se indica "que con urxencia se adopten as medidas precisas para garantir os servizos mínimos no exercizo do dereito de folga dos traballadores da empresa de recollida de lixo, evitando así a aparición de situacións de emerxencia santiaria e/ou local".

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: 1405966254047.doc

Asunto:

V.- Informe do Servizo Municipal de Medio Ambiente, de data 21 de xullo de 2014 co seguinte teor:

### **“INFORME RELATIVO AO INCUMPRIMENTO DE SERVIZOS MINIMOS NA FOLGA DOS TRABALLADORES DO SERVIZO XESTIÓN DE SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA, RECOLLIDA DE RESIDUOS E TRANSPORTE PARA O SEU TRATAMENTO.**

#### ANTECEDENTES

O Concello de Lugo ten asinado dende o ano 1996 un contrato administrativo de xestión de servizo público coa empresa URBASER S.A correspondente ao servizo de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento, o cal sufriu diversas modificacións dende o seu inicio, a última en novembro de 2012, sendo por tanto na actualidade a empresa concesionaria deste servizo público.

Con datas 26 e 28 de maio de 2014 o comité de empresa URBASER LUGO comunica ao Concello de Lugo a convocatoria dunha folga xeral de carácter indefinido.

O día 2 de xuño de 2014 o representante da empresa URBASER en Lugo presenta un escrito no Concello de Lugo comunicando a recepción da convocatoria de folga, que se iniciaría ás 0:00 horas do días 9 de xuño con carácter indefinido e que afectaría a todo o persoal da empresa no centro de traballo de Lugo, e solicitando que se decreten mediante resolución motivada os servizos mínimos que conforme a dereito se estimen oportunos.

Con data 5 de xuño de 2014, ditouse o Decreto 14005468 por parte da Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, polo que á vista do informe emitido polo servizo municipal de medio ambiente de 4 de xuño de 2014, se establecen os servizos mínimos pola convocatoria de folga dos traballadores da empresa URBASER. Dito decreto foi notificado tanto á empresa URBASER S.A como ao comité de empresa de URBASER LUGO e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo con data 7 de xuño de 2014.

O día 11 de xuño de 2014, o Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Lugo notificou un oficio ao Concello requirindo o expediente administrativo ante a interposición por parte do comité de empresa URBASER LUGO dun procedemento especial de amparo xudicial para a protección do dereito fundamental de folga, e concedendo un prazo de cinco días para a remisión do expediente e presentación dos informes e datos que se estimen pertinentes. Con data 12 de xuño formalizouse oposición por parte do Concello, estando pendiente de resolución

En data 12 de xuño de 2014 o Servizo Municipal de Medio Ambiente emitiu o seguinte informe:

*“Recibida petición de informe por parte do Servizo de Contratación e Fomento acerca do grao de cumprimento dos servizos mínimos da folga dos traballadores do servizo de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento, establecidos polo Decreto número 14005468 do 05/06/2014, cómpre informar que, dende o inicio da folga e ata o día da data, **non se cumpriu con ningún dos servizos mínimos establecidos no Decreto.***

*É canto procede informar, polo técnico que suscribe, ós efectos oportunos.”*

Obra no expediente o Decreto nº 14005819 do 12 de xuño de 2014 asinado polo Tenente de Alcalde delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, polo que se require á empresa URBASER S.A para que de xeito inmediato proceda a adoptar as medidas oportunas para o cumprimento dos servizos mínimos establecidos polo Concello, coa advertencia de que en caso contrario se adoptarán pola Administración Municipal as medidas legais precisas para garantir o seu cumprimento, todo elo en orde a asegurar a protección da salubridade pública, competencia municipal establecida no artigo 25.2. f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O día 13 de xuño de 2014, o Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Lugo emitiu un auto polo que se desestima a solicitude de medida cautelar interposta polo comité de empresa de URBASER, de suspensión do decreto de servizos mínimos ditado polo Concello de Lugo. Deste auto dáse traslado ó responsable da empresa URBASER o mesmo día 13 de xuño de 2014 pola mañá.

O día 13 de xuño de 2014, o xefe do servizo de control de riscos ambientais da delegación territorial de Lugo da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia emite informe no que, tras levar a cabo unha inspección nunca serie de puntos da cidade de Lugo, conclúe que existen puntos da cidade onde se produce un risco para a saúde da poboación.

Existen informes tanto da Policía Local como do Sarxento Xefe do Corpo de Bombeiros do Concello de Lugo, sobre a situación de risco para as persoas ou bens na cidade no que se pon de manifesto as circunstancias e zonas de risco en diversas ruas e prazas da cidade .

Dado o incumprimento dos servizos mínimos establecidos polo Concello durante a folga dos traballadores da empresa concesinaria do servizo de recollida de residuos, o Excmo Alcalde mediante Decreto asinado en data 14 de xuño de 2014 resolveu contratar polo procedemento de emerxencia á empresa TRAGSA para a realización de diversos traballos correspondentes ao servizo de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento.

Con data 17 de xuño de 2014, emítese informe por parte do enxeñeiro do servizo municipal de medio ambiente, responsable do contrato, advertindo que existe un requerimento non atendido polo concesionario para que restablezca o servizo, polo que cómpre advertir da declaración da caducidade da concesión se non adopta medidas para restablecela nun prazo de 5 días laborais, suficiente para tomar as medidas necesarias para cumprir coas súas obrigas contractuais.

O 4 de xullo de 2004, realizouse unha proposta de resolución dun expediente sancionador por parte do Instructor por infracción moi grave, en aplicación da cláusula décimoséptima dos pregos de condicións reguladores da conceción (paralización ou non prestación dos servizos contratados excepto cando elo obedeza a forza maior) e polo que podería ser sancionado cunha multa de 30.050,60 euros.

O día 11 de xullo este técnico informa da necesidade de destablacer un prazo de 48 horas para a recollida efectiva dos puntos de risco sanitario, e a limpeza viaria da cidade das inmediacións dos mesmos.

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Refª: 1405966254047.doc

Asunto:

En datas posteriores e ata o día da data, seguen a recibirse da Delegación Territorial de Sanidade informes con carácter diario daqueles puntos considerados como de risco sanitario. Estes informes son trasladados á maior brevidade á concesionaria Urbaser, mais dende a data do 16 de xuño non se está a dar resposta suficiente (nunha porcentaxe que varía cada día, pero sempre significativa) na recollida dos puntos no prazo de 24 horas establecido pola administración competente en materia sanitaria.

Estanse a solicitar informes diarios á concesionaria coa indicación expresa de xustificar -no seu caso- o cumprimento dos servizos mínimos. Os informes recibidos ata o día da data constatan o incumprimento destes servizos, por canto só nalgúns días determinados se utilizan os medios considerados como mínimos na recollida de RSU, sen que se teña recollido ningún día as fraccións de vidro e papel e, o que se considera como máis grave polas implicacións en materia de salubridade, o incumprimento total no relativo á limpeza viaria da cidade, agás os traballos realizados por Urbaser nos termos establecidos do informe do 11 de xullo no periodo indicado. Cómpre indicar que a empresa Urbaser alega que pretende cumprir cos servizos mínimos decretados, mais os traballadores non atenden ás notificacións realizadas pola empresa para realizar os traballos indicados, e que realiza estes traballos con traballadores non adscritos á concesión.

Tal e como se indicaba no fundamento de dereito Cuarto, do informe deste técnico do día 4 de xullo, "A falla de limpeza e recollida de lixo en todo o termo municipal de Lugo, con carácter indefinido, resulta incompatible co dereito dos cidadáns a que as autoridades adopten todas as medidas encamiñadas á preservación da salubridade e saúde pública. Isto provocaría un risco potencial para a saúde dos cidadáns debido, por unha banda, á inmediata presenza de parásitos e á posible presenza de roedores, perante a permanencia de residuos de natureza orgánica en plena rúa, e, por outro, á cantidade total de terra e pó acumulado cuxa remoción pode incrementar sensiblemente o número de partículas no aire respirable. A putrefacción da materia orgánica e o aumento de pó en suspensión contaminan o medio ambiente, conlevan perigo microbiolóxico e supón un grave risco para a saúde pública."

Despois de 42 días de folga, e debido aos reiterados incumprimentos dos servizos mínimos, estase a producir o peor escenario previsto no antedito parágrafo, con centos de puntos de risco sanitario para os cidadáns declarados pola Consellería de Sanidade, presenza de parásitos e roedores, putrefacción de materia orgánica, etc.

Debe recordarse novamente que o artigo 43 da Constitución Española reconece o dereito á protección da saúde e determina que compete ós poderes públicos garantir e tutelar a saúde pública a través das medidas preventivas e das prestación e servizos necesarios, e que un destes servizos necesarios para a protección da salubridade e da saúde pública da comunidade é, polo anteriormente exposto, a limpeza viaria e recollida de lixo en todas as rúas, prazas, así como espazos públicos non axardinados, e no seu caso, nas zonas verdes procedentes.

No día da data ás 16:30 horas, o último informe diario de Urbaser recibido no Concello é o de data 16 de xullo, proba dos problemas existentes no departamento de administración da empresa, que producen estes retrasos na entrega de información.

Ademáis disto, estase a producir un incremento de avarías na maquinaria, polo que se considera que deberían incrementarse os servizos mínimos do personal de mantemento da maquinaria.

Por tanto, considérase que os servizos mínimos débense adecuar á situación actual da cidade, tanto no relativo á recollida de residuos como na limpeza viaria. De seguido indícanse os servizos, coa debida cobertura que –a xuízo deste técnico- deberían garantirse:

**SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA**

<b>CATEGORÍA PROFESIONAL</b>	<b>PORCENTAXE DE POSTOS DE TRABALLO A CUBRIR CON SERVIZOS MÍNIMOS POR CATEGORÍA E TURNO</b>
<b>ADMINISTRACIÓN</b> (Administrativos, Auxiliares e outros)	100%
<b>CONSERVACIÓN E MANTENEMENTO</b> (Oficiais Taller e Persoal Mantemento)	100%
<b>MANDOS INTERMEDIOS</b> (Encargados e Capataces)	100%
<b>EXECUCIÓN DIRECTA</b> (Condutores, peóns e peóns conductores)	100%

**SERVIZO DE RECOLIDA DE RSU**

<b>CATEGORÍA PROFESIONAL</b>	<b>PORCENTAXE DE POSTOS DE TRABALLO A CUBRIR CON SERVIZOS MÍNIMOS POR CATEGORÍA E TURNO</b>
<b>ADMINISTRACIÓN</b> (Administrativos, Auxiliares e outros)	100%
<b>CONSERVACIÓN E MANTENEMENTO</b> (Oficiais Taller e Persoal Mantemento)	100%
<b>MANDOS INTERMEDIOS</b> (Encargados e Capataces)	100%
RECOLLIDA DE RSU	100%
RECOLLIDA DE BOLSEO	100%
RECOLLIDA DE ENVASES LIXEIROS	50%
RECOLLIDA DE PAPEL-CARTÓN	50%
RECOLLIDA DE VIDRO	50 %
RECOLLIDA DE VIDRO PORTA A PORTA	50 %

Estas medidas deberían manterse en vigor en tanto non se repoña na totalidade do termo municipal a situación da recollida dos residuos e da limpeza viaria a unha situación acorde coa que se corresponde coa alteración da normalidade provocada polo conflito colectivo, que afecta á prestación do servizo.

Unha vez reposta esta situación, procederá -de ser o caso- unha reconsideración das circunstancias, entre elas a previsible diminución da produción de residuos xenerados durante o mes de agosto, ligado a unha menor presenza de cidadáns.

É canto procede informar, polo técnico que suscribe, ós efectos oportunos.”

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refª: 1405966254047.doc

Asunto:

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Tenente de Alcalde Delegada da Área en virtude do acordo nº 16/388 da Xunta de Goberno Local de 29 de maio de 2013 e os acordos da Xunta de Goberno Local núm 16/388 en sesión celebrada o día 29 de maio de 2013 e o núm. 7/655 sesión celebrada o día 11 de setembro de 2013, no que se acordou, entre outros, o réxime de substitucións dos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local; RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Establecer os seguintes servizos mínimos para o SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA, RECOLLIDA DE RESIDUOS E TRANSPORTE PARA O SEU TRATAMENTO con base na fundamentación posta de manifesto no informe do servizo de medio ambiente citado na parte expositiva:

**SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA**

<b>CATEGORÍA PROFESIONAL</b>	<b>PORCENTAXE DE POSTOS DE TRABALLO A CUBRIR CON SERVIZOS MÍNIMOS POR CATEGORÍA E TURNO</b>
<b>ADMINISTRACIÓN</b> (Administrativos, Auxiliares e outros)	100%
<b>CONSERVACIÓN E MANTENEMENTO</b> (Oficiais Taller e Persoal Mantenemento)	100%
<b>MANDOS INTERMEDIOS</b> (Encargados e Capataces)	100%
<b>EXECUCIÓN DIRECTA</b> (Condutores, peóns e peóns conductores)	100%

**SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU**

<b>CATEGORÍA PROFESIONAL</b>	<b>PORCENTAXE DE POSTOS DE TRABALLO A CUBRIR CON SERVIZOS MÍNIMOS POR CATEGORÍA E TURNO</b>
<b>ADMINISTRACIÓN</b> (Administrativos, Auxiliares e outros)	100%
<b>CONSERVACIÓN E MANTENEMENTO</b> (Oficiais Taller e Persoal Mantenemento)	100%
<b>MANDOS INTERMEDIOS</b> (Encargados e Capataces)	100%
RECOLLIDA DE RSU	100%
RECOLLIDA DE BOLSEO	100%
RECOLLIDA DE ENVASES LIXEIROS	50%
RECOLLIDA DE PAPEL-CARTÓN	50%
RECOLLIDA DE VIDRO	50 %
RECOLLIDA DE VIDRO PORTA A PORTA	50 %

**SEGUNDA.-** Dar traslado da presente resolución ás partes interesadas así como as dependencias municipais afectadas e publicar o Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Contra a presente resolución caberá interpoñer os seguintes recursos

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (Lei 29/1998, do 13 de xullo) polo procedemento legalmente establecido.
- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cúmprase